

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN EMPRESARIAL GALEGA DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO (CEGASAL) PARA O FAVORECEMENTO DA EMPREGABILIDADE COMO PARTE DA RECUPERACIÓN DAS PERSOAS CON TRASTORNO MENTAL SEVERO

Na data da súa sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra parte don Herminio Martínez Lago, con DNI 78794538B, presidente da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen ánimo de lucro (CEGASAL) con NIF G-15616287 que actúa en nome e representación da mesma.

Todas as partes, na representación que ostentan recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para a subscripción do presente convenio, e para tal efecto

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Segundo.- Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa á que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar o Plan de Saúde Mental.

Terceiro.- Que no ámbito da nosa comunidade, a prevalencia do trastorno mental persistente e o modelo de atención na saúde mental definido no Plan de Saúde Mental poscovid-19 Período 2020-2024 prioriza a atención na comunidade e a integración social da persoa, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo. En concreto, a liña 2: *"A Recuperación como meta"* ten como obxectivo a atención ao

trastorno mental severo, mediante a detección en primeiros episodios, e o favorecemento da empregabilidade das persoas con trastorno mental severo.

Cuarto.- Que a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen ánimo de lucro (en adiante CEGASAL) é unha entidade de carácter multisectorial, que representa, a nivel nacional e internacional, aos Centros Especiais de Emprego de Galicia sen ánimo de lucro, promovendo entre os seus fins, o fomento da integración social e laboral das persoas con discapacidade e persoas en situación ou risco de exclusión social a través de iniciativas de economía social fomentando a súa incorporación ao mercado laboral, e prestando toda clase de servizos e actividades atendendo ás necesidades de información, formación, asesoramento e asistencia técnica dirixidas ás iniciativas asociadas, entidades promotoras e axentes sociais, empresariais e institucionais.

Quinto.- É por isto que as partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas promovendo a formación das persoas con discapacidade secundaria cun trastorno mental severo de cara a conseguir promover a súa autonomía e acadar a súa integración social e laboral, favorecendo o proceso de recuperación dentro do seu itinerario de asistencia sanitaria.

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento dunha serie de actividades, orientadas a favorecer a recuperación das persoas con trastorno mental severo a través da inclusión de proxectos formativos e de fomento da empregabilidade no seu proceso asistencial, cos seguintes obxectivos:

- Ofrecer un proceso de inserción laboral progresiva ás persoas con problemas de saúde mental con máis dificultades para conseguir unha inserción plena.
 - A realización de prácticas prelaborais que permitan diminuír o estrés e facilitar a inclusión no ámbito laboral a medio prazo.
 - Fomentar o coñecemento entre os profesionais sanitarios vinculados aos dispositivos de saúde mental dos itinerarios prelaborais e programas específicos para fomento da empregabilidade das persoas con trastorno mental.
 - A realización dunha xornada de sensibilización dirixida a pacientes, profesionais e coidadores, nun marco formativo e divulgativo da enfermidade.
- Con relación aos proxectos de prácticas prelaborais:
 - Derivar perfís adecuados, persoas con problemas de saúde mental con maiores dificultades de inserción laboral, para a realización das prácticas non laborais nos Centros Especiais de Emprego (CEE) designados e facilitar perfís substitutos para cubrir as posibles baixas que se produzan nos postos, tanto no período de prácticas como no de inserción.



- Realizar o seguimento e apoio que sexa preciso para que tanto as prácticas como a inserción laboral se realice con éxito, atendendo á especial importancia da coordinación coa familia e o entorno da persoa, cos servizos de saúde mental (psiquiatra de referencia), e cos responsables das prácticas e da inserción nos CEE.

Segunda.- Compromisos de CEGASAL

- 1) CEGASAL apoiará o desenvolvemento de programas destinados ao favorecemento da empregabilidade e formación profesional dirixidos a mellorar a empregabilidade das persoas con trastorno mental severo.
- 2) O desenvolvemento dos programas farase poñendo ao paciente no centro do seu deseño, de forma que se terán en consideración as recomendacións emitidas polos profesionais vinculados ao Servizo Galego de Saúde, orientándoos a recuperación da persoa dentro dun proceso terapéutico no que participan tanto os profesionais do Servizo Galego de Saúde como o tecido asociativo do sector da saúde mental a través dos seus programas e profesionais.
- 3) CEGASAL informará á Consellería de Sanidade sobre a posta en marcha dos novos proxectos e da execución e os resultados dos programas realizados.
- 4) Coordinar, como entidade xestora do proxecto, as accións encamiñadas á formación en prácticas non laborais de persoas con discapacidade a causa dunha enfermidade mental para favorecer a súa inserción laboral.
- 5) Servir de vínculo entre as persoas bolseiras e os CEE sen ánimo de lucro.
- 6) Cooperar na realización das prácticas durante o proceso formativo aumentando a capacitación técnica das persoas beneficiarias da bolsa.
- 7) Facilitar a posta en común das actividades a desenvolver nos CEE sen ánimo de lucro.
- 8) Colaborar na habilitación das ferramentas para unha ulterior inserción laboral das persoas que acaden unha formación idónea para o desenvolvemento dun emprego nun centro especial de emprego sen ánimo de lucro.
- 9) Promover a empregabilidade participando na sensibilización da importancia da atención integral das persoas que padecen unha enfermidade mental.

A prestación dos devanditos servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo asistencial nos diferentes dispositivos da asociación. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 50% da contía total concedida.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por se mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

A Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Animo de Lucro "CEGASAL", comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e asume, ademais, os seguintes compromisos:



- a) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Servizo Galego de Saúde e a persoa responsable de Saúde Mental da Area.
- b) Deberán ter actualizados os rexistros e os sistemas de información que estean habilitados no programa.
- c) Colaborar coas medidas que o Servizo Galego de Saúde considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe este convenio.
- d) Coordinarse cos servizos de psiquiatría e saúde mental do seu ámbito de actuación, en canto ao desenvolvemento dos programas de intervención da persoa responsable de saúde mental de área.

Terceira.- Compromisos do Servizo Galego de Saúde

O Servizo Galego de Saúde, a través dos seus recursos humanos e materiais, participará no asesoramento aos profesionais de CEGASAL, no deseño dos programas que se desenvolvan. Definirase un panel de expertos que terán entre as súas funcións:

- Informar aos profesionais do Servizo Galego de Saúde, da natureza destes programas.
- Informar, asesorar e acompañar aos e ás pacientes neste proceso.
- Favorecer o coñecemento pola cidadanía dos trastornos mentais, así como da promoción da autonomía, recuperación e inserción das persoas que os padecen.
- Colaborar na celebración de actos divulgativos e en favor da desestigmatización das persoas que padecen este tipo de trastornos

Cuarta.- Financiamento

O gasto subvencionado a través deste convenio para a realización das actividades obxecto do mesmo para o ano 2023, e que serán levadas a cabo pola devandita asociación, ascende a un total de setenta e catro mil corenta e sete con trece euros **(74.047,13€)** que proveñen do Plan de Acción de Saúde Mental de Galicia poscovid-19.

O dito gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria **5001.413A.481.37** e código de proxecto **2021 00001** consignado nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Quinta.- Compatibilidade con outras subvencións

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sexta.- Xustificación e pagamentos

A contía indicada na cláusula CUARTA farase efectiva do seguinte xeito:

Pagamentos anticipados: Logo da sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, presentando por parte da asociación:



- A solicitude do pago anticipado.
- Declaración responsable segundo o modelo que se xunta como Anexo 3.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais, a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando as facturas e demais documentos de valor probatorio e a documentación acreditativa de pago que xustifique que os gastos foron efectivamente pagados e ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes dos mesmos.

Esta relación ordenada de gastos se documentará segundo o modelo indicado no Anexo 1

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que no seu caso se tiveran concedido non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada incluíndo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os pagamentos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

Sétima.- Xustificación final

A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagamentos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes pagamentos.
- b) Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio indicando o custo total repercutido para a entidade.
- c) Certificación da Asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
- d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

1. A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 10 de decembro de 2023. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueles outros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

2. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio



indicarase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificados e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibí do proveedor para gastos de escasa contía para pagos inferiores a mil euros (1.000,00 €).

4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Atención Primaria, que emitirá informe favorable de ser conforme.

5. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.

6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

7. Cando as actividades teñan sido financiadas ademais de con esta subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada.

Oitava.- Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados e efectivamente pagados dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 1 de decembro de 2023 e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal laboral da entidade: custe total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.



As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición de calquera das entidades solicitantes.

Novena.- Memoria final

Con data límite do 30 de xaneiro de 2024, CEGASAL deberá achegar á Subdirección Xeral de Atención Primaria unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste convenio desenvolvidas ao longo do ano 2023 segundo o modelo que se xunta como Anexo 2 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décima.

Décima.- Remisión da documentación

Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado "PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO"(PR004A) dirixíndoas a atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Décimo primeira.- Comisión mixta paritaria

Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e que resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dúas persoas en representación de CEGASAL, e dúas persoas en representación do Servizo Galego de Saúde.

As dúas persoas que representarán ao Servizo Galego de Saúde serán as que exerzan as respectivas xefaturas dos servizos de Coordinación Sociosanitaria e do de Saúde Mental ou dos departamentos análogos en competencias, sendo esta última quen ostente a presidencia e conte con voto de calidade en caso de empate.

Reunirase por solicitude de calquera das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

A comisión de seguimento terá entre as súas facultades a emisión de informes e ditames relativos aos programas a desenvolver ao abeiro deste convenio.

Décimo segunda.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.



Décimo terceira.- Inexistencia da relación contractual

A subscrición do convenio non suporá a existencia de relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre e o persoal de CEGASAL e a Consellería de Sanidade ou o Servizo Galego de Saúde.

En ningún caso serán responsabilidade da Administración posibles danos ou perdas a consecuencia do desenvolvemento dos programas realizados ao abeiro deste convenio.

Décimo cuarta.- Réxime de infraccións e sancións

Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

Décimo quinta.- Deber de colaboración

A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro.

Décimo sexta.- Prazo de vixencia do convenio

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura até o 31 de decembro de 2023.

Décimo sétima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- As modificacións relevantes na execución do programa acordado sen o visto bo da comisión de seguimento. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que satisfaga nun determinado prazo as obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.
- A falta ou perda das autorizacións sectoriais que as entidades precisen para o desenvolvemento da súa actividade.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste convenio ou nunha lei.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas

De conformidade co artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, este convenio rexeráse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo novena.- Sinatura do convenio

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Vixésima.- Réxime de protección de datos

O réxime de protección de datos de carácter persoal derivados deste convenio será o previsto en aplicación do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes utilizarán ou aplicarán os datos persoais única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas.

As partes estarán obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que traten no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a vixencia do mesmo. Así mesmo, están obrigados á confidencialidade de acordo ao seu código deontolóxico e ao uso da información segundo a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal antes referida.



Vixésimo primeira.- Publicidade

A publicidade da colaboración da Consellería de Sanidade limitarase ás actividades ou programas obxecto deste convenio.

A dita publicidade farase consonte a normativa de aplicación, nos medios web e naqueles outros nos que se informe acerca destas actividades, previa posta en coñecemento da comisión de seguimento do convenio.

Deberase incluír dita colaboración en aquelas publicacións ou comunicacións científicas nas que se reflictan resultados dos programas obxecto deste convenio, informándose á Consellería de Sanidade das mesmas.

E en proba de conformidade, formalízase este convenio na data que consta na última das sinaturas dixitais.

Polo Servizo Galego de Saúde	Pola Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen ánimo de lucro (CEGASAL)
Julio García Comesaña	Herminio Martínez Lago



Documento asinado dixitalmente por:
Julio Garcia Comesaña (15/11/2023 15:49)
<https://sede.xunta.gal/cve/?cdve=SAOC-H4G4-BOAH-OF4O-TYNN-0HL6-7P0Q-F170-0059-7581-83>

NÓMINAS

0,00 €

IRPF

0,00 €

SEGURIDADE SOCIAL

0,00 €



[illegible][illegible]

ANEXO 2: MEMORIA DE ACTUACIÓN

- 1) Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias e tipo de contrato.
- 2) Características básicas do dispositivo: data de inicio do funcionamento do centro, organigrama no que se determine a responsabilidade dos servizos prestados, horario de funcionamento do centro, localización, número de despachos.
- 3) Informe cualitativo da actividade desenvolvida, na que se inclúan entre outros aspectos:
 - Número de beneficiarios homes/mulleres.
 - Número de horas de formación impartida.
 - Número de persoas que finalizaron o proceso de inserción laboral.
 - Número de persoas que permanecen adscritas cun contrato laboral aos centros de emprego.
 - Número de empresas participantes.
 - Relación detallada de xornadas, cursos, congresos científicos, e outras actividades formativas realizadas ao longo da vixencia do convenio, especificando os profesionais implicados nas mesmas, e o seu grado de participación.
- 4) Balance de ingresos e gastos:
 - a) Ingresos:
 - Informe que inclúa a contía de todas as axudas económicas recibidas e a súa orixe e data de percepción (subvencións, doazóns e legados).
 - Débedas con entidades de crédito.
 - Ingresos e beneficios, se é o caso, de exercicios anteriores.
 - Ingresos por cotas de socios e outros ingresos: ingresos financeiros, por actividades de recadación.
 - b) Gastos:
 - Gastos de persoal: retribucións básicas e complementarias, cotas á seguridade social, gastos de formación ao persoal, gastos de viaxes.
 - Gastos de mantemento: arrendamento/alugueiro, reparación e conservación, contratación de servizos, transportes, primas de seguros, subministracións, material de oficina, limpeza, traballos realizados por outras empresas.
 - Tributos.
 - Gastos e perdas de exercicios anteriores.
 - Especificar outros gastos: financeiros, amortización de débedas.
- 5) Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polas persoas usuarias no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.



ANEXO 3 : DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE					
RAZÓN SOCIAL					NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		PÁXINA WEB DA ENTIDADE	
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).					
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)					
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
EN CALIDADE DE					
DATOS BANCARIOS					
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.					
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)	
				IBAN	
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:					
1. Que a entidade beneficiaria, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes:					
a) Non están incursas en ningún dos supostos incluídos no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser perceptoras dos pagos anticipados.					
b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.					
c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.					
2. Que de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.					
3. Que en relación con outras axudas obtidas ou solicitadas:					
☐ Non obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención.					
☐ Sí obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:					
ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE CONCESION	DISPOSICION REGULADORA		
☐ Non solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención.					
☐ Sí solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:					
ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE SOLICITUDE	DISPOSICION REGULADORA		
Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 11, letra d), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, comprométese a comunicar inmediatamente a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades ou programas subvencionados a través deste convenio, a partir da data desta declaración.					
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE					
Lugar e data					
			de	de	



ANEXO 4. PROTECCIÓN DE DATOS.

Para a execución das prestacións derivadas do cumprimento do obxecto deste convenio, o SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, responsable do tratamento, pon a dispor da entidade CEGASAL, encargada do tratamento, a información que se describe a continuación:

- Os datos mínimos necesarios para facilitar o correcto desenvolvemento do programa, evitando enviar datos especialmente sensibles e limitándose aos datos identificativos de idade, sexo e recoñecemento da discapacidade.
- Os datos necesarios para facilitar a información solicitada pola persoa usuaria dos servizos sanitarios de saúde mental.
- Os datos de contacto das persoas encargadas do proxecto.

1.- OBRIGACIÓNS DO ENCARGADO DE TRATAMENTO E DO SEU PERSOAL

O encargado do tratamento e todo o seu persoal obrígase a:

- 1) Utilizar os datos persoal obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste convenio. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- 2) Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición en materia de protección de datos da Unión ou dos Estados membros, o encargado informará inmediatamente ao responsable.
- 3) Levar, por escrito, un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que conteña:
 - a) O nome e os datos de contacto do encargado ou encargados e de cada responsable por conta do cal actúe o encargado e, no seu caso, do representante do responsable ou do encargado e do delegado de protección de datos se é que o houbese.
 - b) As categorías de tratamentos efectuados por conta de cada responsable.

As obrigacións indicadas nos apartados a e b non se aplicarán a ningunha empresa nin organización que empregue a menos de 250 persoas, salvo que o tratamento que realice poida supoñer un risco para os dereitos e as liberdades dos interesados, non sexa ocasional, ou inclúa categorías especiais de datos persoais indicadas no artigo 9, apartado 1 do RGPD, ou datos persoais relativos a condenas e infraccións penais a que se refire o artigo 10 do devandito Regulamento. (Art. 30.5 RGPD)

- c) No seu caso, as transferencias de datos persoais a un terceiro país ou organización internacional, incluída a identificación de devandito terceiro país ou organización internacional e, no caso das transferencias indicadas no artigo 49 apartado 1, parágrafo segundo do RGPD, a documentación de garantías adecuadas.



d) Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade relativas a:

- A seudonimización e o cifrado de datos persoais.
- A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dous sistemas e servizos de tratamento.
- A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- O proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.

4) Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.

O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións do responsable. Neste caso, o responsable identificará, de forma previa e por escrito, a entidade á que se deben comunicar os datos, os datos para comunicar e as medidas de seguridade a aplicar para proceder á comunicación.

Se o encargado debe transferir datos persoais a un terceiro país ou a unha organización internacional, en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros que lle sexa aplicable, informará o responsable desa esixencia legal de maneira previa, salvo que tal Dereito o prohiba por razóns importantes de interese público.

5) Subcontratación

Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste contrato/convenio que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos do encargado.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar previamente e por escrito ao responsable, cunha antelación de quince días, indicando os tratamentos que se pretende subcontratar e identificando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderase levar a cabo se o responsable non manifesta a súa oposición no prazo establecido.

O subcontratista, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, está obrigado igualmente a cumprir as obrigacións establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dite o responsable. Corresponde ao encargado inicial regular a nova relación de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) e cos mesmos requisitos formais que el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas.



No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable no referente ao cumprimento das obrigacións.

6) Manter o deber de segredo respecto aos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente convenio, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

7) Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informarles convenientemente.

8) Manter a dispor do responsable a documentación acreditativa do cumprimento da obrigación establecida no apartado anterior.

9) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.

10) Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de:

- Acceso, rectificación, supresión e oposición.
- Limitación do tratamento.
- Portabilidade de datos
- A non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís)

Cando as persoas afectadas exerzan os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, ante o encargado do tratamento, este debe comunicalo por correo electrónico á dirección indicada ao comezo do presente documento polo responsable. A comunicación debe facerse de forma inmediata e en ningún caso máis aló do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude, xuntamente, no seu caso, con outras informacións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude.

11) Dereito de Información. Corresponde ao responsable facilitar o dereito de información no momento da recollida de datos.

12) Notificación de violacións da seguridade dos datos. O encargado do tratamento notificará ao responsable do tratamento, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo dun día laborable despois de que se tivo constancia dela, e a través da dirección de correo electrónico indicada ao comezo do presente documento polo responsable, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable a dita violación da seguridade constitúa unha risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

Se se dispón dela facilitarase, como mínimo, a información seguinte:



- c) Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
- d) O nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto no que poida obterse máis información.
- e) Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
- f) Descrición das medidas adoptadas ou propostas para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos. Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de maneira gradual sen dilación indebida.

13) Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos, cando cumpra.

14) Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

15) Poñer a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.

16) Medidas de seguridade que se han de levar a cabo de acordo coa análise de riscos realizado polo responsable do tratamento:

- Contorna segura: os locais onde se tratan os datos deben contar con medios mínimos de seguridade como sistemas de detección contra incendios, elevación dos equipos sobre o nivel do chan e SAI xerais ou por posto de traballo. Ademais, os terminais con acceso a datos o conexión á rede deberán situarse en zonas de acceso controlado.
- Funcións e obrigacións do persoal: as funcións e obrigacións de cada un dos usuarios con acceso a datos estarán claramente definidas e documentadas.
- Control de acceso: o persoal só accederá a aqueles datos e recursos que precise para o desenvolvemento das súas funcións, establecéndose mecanismos para evitar que os usuarios poidan acceder a recursos con dereitos distintos dos autorizados
- Identificación e autenticación: establecerase un sistema que permita a identificación inequívoca e personalizada de todo aquel usuario que tente acceder ao sistema de información, e a debida autenticación para verificar a súa identidade
- Almacenamento seguro de soportes e documentos: os dispositivos de almacenamento dos soportes e documentos que conteñan datos de carácter persoal deberán permitir identificar o tipo de información que conteñen, ser inventariados e estar almacenados nun lugar con acceso restrinxido ao que só poderá acceder persoal autorizado.



- Software Antimalware: nos dispositivos informáticos onde se realice o tratamento automatizado dos datos persoais dispoñeráse dun sistema antimalware para tratar de evitar o roubo e a destrución de información e datos.
- Copias de seguridade: realizaranse copias de respaldo periodicamente, en función do volume e da frecuencia de actualización dos datos.
- Destrucción da documentación: unha vez transcorrese o prazo legal de bloqueo da información que teña que respectar o encargado de tratamento, toda a información que conteña datos de carácter persoal que se atope en poder do encargado de tratamento deberá ser borrada ou destruída de forma segura para garantir que non se vai a poder acceder a ela, sen que ningún caso se poida almacenar por período superior ao establecido na normativa xeral ou a normativa sectorial aplicable a cada caso.
- Traslado seguro de soportes e documentos: cando os soportes e/o documentos saian fora dos locais da entidade, adoptaranse as medidas necesarias para impedir a subtracción, perda ou acceso indebido á información durante o transporte.

En todo caso, deberá implantar mecanismos para:

- a) Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- b) Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- c) Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- d) Seudonimizar e cifrar os datos persoais, no seu caso.

17) Destino dos datos.

Destruír os datos, unha vez cumprida a prestación, salvo que exista obriga legal de manter os datos en base ao tipo de servizo contratado.

Unha vez destruídos, o encargado debe certificar a súa destrución por escrito e debe entregar o certificado ao responsable do tratamento.

2.- OBRIGACIÓNS DO RESPONSABLE DE TRATAMENTO E DO SEU PERSOAL.

Corresponde ao responsable do tratamento:

1. Entregar ao encargado os datos aos que se refire a Cláusula 1 deste documento.
2. Realizar unha avaliación do impacto na protección de datos persoais das operacións de tratamento a realizar polo encargado, para aqueles supostos nos que estea legalmente obrigado.
3. Realizar as consultas previas que corresponda, para o caso de que estea legalmente obrigado.
4. Velar, de forma previa e durante todo o tratamento, polo cumprimento do RGPD por parte do encargado.
5. Supervisar o tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías.



3.- RESPONSABILIDADE.

Tanto SERGAS como CEGASAL, serán responsables do incumprimento das obrigacións que lle correspondan segundo o previsto no presente convenio. As partes non serán consideradas responsables, cando a non execución ou o atraso na mesma de calquera das obrigacións en virtude do presente contrato, se dita incapacidade xorde como consecuencia dun suposto de forza maior ou caso fortuíto admitido como tal pola Xurisprudencia.

